



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00318

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, PRODUCCIÓN, MONTAXES, INSTALACIÓN, MANTEMENTO, DESMONTAXES E TRASLADOS DA EXPOSICIÓN "REGNUM TOTIUS GALLAECIAE. O REINO MEDIEVAL DE GALICIA", EXPEDIENTE PCO.001.2024.00318

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 26 de xuño de 2024 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes con data 18 de xuño de 2024, para a contratación da SUBMINISTRACIÓN, PRODUCCIÓN, MONTAXES, INSTALACIÓN, MANTEMENTO, DESMONTAXES E TRASLADOS DA EXPOSICIÓN "REGNUM TOTIUS GALLAECIAE. O REINO MEDIEVAL DE GALICIA", organizada pola Deputación da Coruña, nos concellos de Santiago de Compostela e da Coruña, expediente PCO.001.2024.00318, nas seguintes condicións:

1.1 información do contrato:

Tipo de contrato: subministración

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios.

1.2. Presuposto IVE incluído:

Concepto	Orzamento
Orzamento sen IVE	62.471,00
Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%	13.118,91
Orzamento total IVE incluído	75.589,91

1.3. Valor estimado: 62.471,00 euros

1.4. Prazo de execucion: O prazo de execución iniciarase unha vez formalizado o contrato en documento administrativo e será de 35 días para a produción e montaxe da primeira exposición. O mantemento do equipamento finalizará ao termo das exposicións, o 22 de outubro de 2024.

En todo caso, deberán respetarse as datas e os prazos de montaxe e desmontaxe das exposicións que se establecen no prego de prescricións técnicas.

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á Aplicación 0612/3341/22609, documento A número de operación 220240000695

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación urgente, a fin de posibilitar a realización dos traballos coa antelación suficiente á inauguración da primeira exposición..